



CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xullo de 2021 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó segundo trimestre do exercicio 2021.

O importe total do padrón ascende a dezaseis mil trescentos corenta e tres euros e oitenta e seis céntimos (16.343,86€), sendo o período voluntario de cobro dende o **día 02 de agosto de 2021 ao 01 de outubro de 2021** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resumo do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERIODO. 2º trimestre 2021.

NÚMERO DE PÁXINAS: 39

NÚMERO DE RECIBOS: 606

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: Auga 12.093,10€; IVE: 1.209,31€; Canon Xunta Cota fixa: 1.357,41€; Canon Xunta Cota Variable: 1.684,04€. Total importe padrón: 16.343,86€.

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 28 de xullo de 2021.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco

R. 2312

CHANTADA

Anuncio

APROBACION INICIAL MODIFICACION SUBVENCIONS NOMINATIVAS 2021

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello de data 29 de xullo de 2021 a terceira modificación do anexo de subvencións nominativas do Orzamento Xeral para o exercicio económico 2021, de acordo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real

Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 de Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días hábiles desde o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado a modificación do anexo de subvencións nominativas do 2021 considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non son presentadas reclamacións.

Chantada, 30 de xullo do 2021.- O ALCALDE, P.D. Manuel Dieguez Carballo.

R. 2313

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 08/07/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga, sumidoiros, lixo e canón de auga correspondentes ao 3º bimestre do exercicio 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 8 de xullo de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2314

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 20/07/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a xullo 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes xullo 2021 terá lugar neste municipio dende o día 21 de xullo de 2021 ata o día 20 de setembro de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 27 dexullo de 2021.- O ALCALDE, P.D. Manuel Dieguez Caballo.

R. 2315

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 16/07/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xuño 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xuño do 2021 terá lugar neste municipio dende o día 19 de xullo de 2021 ata o día 20 de setembro de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 27 de xullo de 2021.- O ALCALDE, P.D. Manuel Dieguez Carballo.

R. 2316

COSPEITO

Anuncio

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de Cospeito (Lugo), en sesión celebrada o 28 de xullo de 2021, o expediente de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, co seguinte detalle:

1.I. Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
161	60900	Abastecemento domiciliario de auga potable.- Outras inversións	10.000,00	9.000,00	19.000,00
231	62500	Acción Social.- Inversiones en mobiliario y enseres	1.500,00	30.500,00	32.000,00
453	21000	Carreteras.- Infraestructuras y bienes naturales	25.000,00	12.500,00	37.500,00
453	61900	Carreteras.-Inversións de reposición	378.900,43	8.000,00	386.900,43
		TOTAL	415.400,43	60.000,00	475.400,43

1.II. FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo a unha transferencia de crédito que non altera a contía total ou parcial do orzamento do xeito que a continuación se detalla:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
161	12005	Abastecemento de auga.- Soldos do Grupo E	16.816,24	9.000,00	7.816,24
231	46700	Acción Social.- A Consorcios	28.000,00	23.000,00	5.000,00
312	13000	Sanidad.- Retribucións Basicas	13.300,00	6.650,00	6.650,00
312	16000	Sanidad.- Seguridad Social	3.576,78	1.850,00	1.726,78

334	13000	Cultura.- Retribucions Básicas	15.884,24	4.000,00	11.884,24
920	12004	Administracion Xeral.- Soldos do Grupo C2	18.349,12	7.500,00	10.849,12
920	12100	Administracion Xeral.- Complemento de destino	39.447,94	5.000,00	34.447,94
920	12101	Administracion Xeral.- Complemento específico	63.704,68	3.000,00	60.704,68
		TOTAL	199.079,0	60.000,00	139.079,00

En cumprimento do disposto nos artigos 179 y 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 40, 41 e 42 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, expónse ó público na Secretaría Municipal deste Concello por un período de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o referido prazo os interesados lexitimados, segundo o previsto no artigo 170.1 da citada Lei de Facendas Locais e por algún dos motivos taxativamente enumerados no número 2 de dito artigo 170, poderán presentar reclamacións no Rexisto Xeral do Concello de Cospeito ante o Pleno da Corporación. O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación ou suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Cospeito, 29 de xullo de 2021.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvariño.

R. 2317

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2021, aprobáronse os Padróns do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda no fogar dos meses de maio e xuño de 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 1 de agosto e o 30 de setembro de 2021.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, 29 de xullo de 2021.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.

R. 2318

*Anuncio***Aprobación e exposición pública de Padróns fiscais e apertura do período de cobramento.**

Por Resolucións desta Alcaldía foron aprobados os seguintes Padróns de contribuíntes:

Padrón	Data resolución aprobación	Período de cobramento en voluntaria
Taxa pola prestación do servizo de escolas deportivas dos meses de marzo e abril de 2021.	26 de xullo de 2021	1 de agosto a 30 de setembro de 2021
Taxa pola prestación do servizo de escolas deportivas do mes de maio de 2021	26 de xullo de 2021	16 de agosto a 16 de outubro de 2021

Expóñense ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra estes as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determinanse os períodos de pagamento en voluntaria reflectidos.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, 27 de xullo de 2021.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.

R. 2319

LÁNCARA*Anuncio***Información pública**

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 29 de xullo de 2021 aprobou inicialmente a modificación da base 30ª das bases de execución do presuposto para 2021 e a modificación de créditos nº 14/2021, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, financiados con cargo ó remanente líquido de tesourería, consonte ó disposto no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais por importe de 115.616,97 euros.

O expediente expoñense ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións (artigo 170 do TRLFL). O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Láncara, 30 de xullo de 2021.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2320

VIVEIRO*Anuncio*

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamación durante o período de exposición ao público, Boletín Oficial da provincia de Lugo número 137 de 18 de xuño de 2021, o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Viveiro en sesión ordinaria celebrada o día 9 de xuño de 2021 no que se aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 10, procédese seguidamente á publicación íntegra do texto de dita ordenanza, segundo o disposto no artigo 17, do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 10**REGULADORA DATAXA POR RECOLLIDA DE LIXOS****Artigo1.FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 4 y 106da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 y 20.4.s) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa por recollida de lixos, que se rexirá polo disposto na devandita Lei e pola presente ordenanza Fiscal.

Artigo2.FEITO IMPOÑIBLE

1.-Constitue o feito impoñible da ta xa a prestación do servizo de recepción obligatoria de recollida de lixos domiciliarias e residuos sólidos urbanos a todos os inmobles, calqueira que sexa o seu estado,cualidades,uso ou destino, que se encontren ubicados na zoa de cobertura do mesmo,con independencia de si se depositan ou non os residuos para a súa recollida.

2.- A tal efecto, consideranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos os restos e desperdiciosda alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e excluense de tal concepto os residuos de tipo industrial, rebos de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados,corrosivos, peligrosos ou dos cales a recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas,profilácticas ou de seguridade.

3.- Non está suxeita á taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- recollida de lixos e residuos non calificados de domiciliarias e urbanas de industrias,hospitais e laboratorios
- recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais
- recollida de escombros de obras

Artigo3.SUXEITOS PASIVOS

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refíre o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste ao servizo, ou a unha distancia de ata 200 metros a contar dende o punto máis próximo de recollida de lixos ou ruta de prestación do servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso,de precario.

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais,que poderá repercutir, no seu caso,as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquélas,beneficiarios do servizo.

Artigo4.RESPONSABLES

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos38.1 e39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que señala o Artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo5.EXENCIONES

Gozarán da exención subxectiva, aqueles contribuíntes en quenes concurra algunha das seguintes circunstancias:

1.- Os preceptores de pensións non contributivas, sempre que as mesmas constituían o único ingreso da unidade familiar. O dereito a esta exención requerirá a previa solicitude do interesado e a súa autorización pola Comisiónde Goberno.

2.- Os propietarios de vivendas ou locais en estado ruinoso, previa tramitación do correspondente expediente ou acreditación mediante informe emitido polo técnico legalmente facultado

3-Os propietarios de vivendas ou locais desocupados que acrediten a baixa no suministro da auga e electricidade durante máis de un ano.

Artigo 6.COTA TRIBUTARIA

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles,salvo o previsto no apartado 4 do presente artigo.

2.-A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

Nº	Usuario	Euros(€)/año
1	Vivendas	112,20
2	Aserradeiros	201,18
3	Comercio non especificado	201,18
4	Estancos e loterías	201,18
5	Farmacias e droguerías	201,18
6	Fraguase ferrerías	201,18
7	Xestorías,asesorías fiscais, axencias de seguro setc.	201,18
8	Xoierías e reloxerías	201,18
9	Librerías e papelerías	201,18
10	Materiais eléctricos	201,18
11	Muíños	201,18
12	Moblerías	201,18
13	Reparación de calzados	201,18
14	Xastrerías,obradoiros de costura,modistas	186,56
15	Tinturerías	201,18
16	Comercio de tecidos e calzado	231,02
17	Ferreterías	231,02
18	Fábricas de pasteis,pastas e galletas	231,02
19	Paqueterías	231,02
20	Administración coches de liña	201,18
21	Consulta de profesionais	139,17
22	Churrerías	201,18
23	Perruquerías	201,18
24	Obradoiros de carpintería	188,84
25	Almacéns de viños,cereais e pensos	253,13
26	Bares categoría especial e pubs	439,95
27	Bares e cafeterías de 3 tazas	391,37
28	Bares e cafeterías de 2 tazas	362,03
29	Outros bares e cafeterías	323,71
30	Fábricas de gasosas	270,27
31	Fábricas de mobles,xabons ou lixivias	270,27
32	Garaxes públicos	253,13
33	Imprentas	270,27

34	Obradoiros de motos e bicicletas	270,27
35	Venda de automóbiles	270,27
36	Axencias de transportes	270,27
37	Carnicerías e pescaderías	253,13
38	Electrodomésticos e bazares	270,27
39	Fruterías e florerías	270
40	Ultramarinos	270,27
41	Almacéns materiais de construción	301,07
42	Chatarrerías	301,07
43	Fornos e panaderías	284,79
44	Cines e teatros	299,94
45	Estacións de servizo	383,21
46	Fondas,pensións e hostais	336,82
47	Sanatorios	362,03
48	Supermercados ó detalle	401,88
49	Talleres mecánicos e tapicerías	362,03
50	Bancos e Caixas de aforro	559,19
51	Fábricas de conservas	518,61
52	Grandes supermercados e coloniais ata 300m2.de suoefficie	615,16
53	Grandes supermercados e coloniais de superficie superior a 300m2	1.136,53
54	Oteéis	554,66
55	Restaurantes con bodas	1.136,53
56	Salas de festa,discotecas,whisquerías	588,69
57	Camping	645,16
58	Restaurantes sin bodas	463,38
59	Centro de equipamento comercial	2.035,08
60	Oficinas de empresas armadoras	139,17
61	Exportadores de pescado	518,61
62	Outras empresase Servizos no Porto de Celeiro	401,88
63	Lonxas	1,89€m2+159,07€AÑO
64	Moteis=hoteis	554,66

Para o caso de vivendas con anexos, xardíns e similares, as tarifas sufrirán un incremento do 50%.As tarifas sufrirá nun incremento do 100% en todo los casos,por desplazamento a máis de 3kms.Do camión do servizo de recollida de basuras, contados dende o centro da cidade, para prestación do citado servizo.

Establecese unha tarifa mínima de 56,09 € anuais para os propietarios de vivendas que no haxan sido habitadas ó menos durante un ano e se demostre fidedignamente que continuarán na mesma situación, debendo acreditarse dito extremo mediante informe do vixiante fiscal.

Os locais pechados e que haxan sido dados de baixa en el I.A.E. aboarán ó ano a cantidade de 113,45€.

Para poder beneficiarse das dúas anteriores tarifas reducidas,requerirase en todo caso autorización municipal,previa solicitude do interesado.

- As cotas señaladas na tarifa teñen carácter irreducible e serán fraccionada por trimestres naturais, salvo acordo do Pleno do Concello establecendo prazo distinto.
- Aqueles locais que podan encadrarse en dous ou máis tarifas das establecidas no número 2 do presente artigo, por dedicarse o comercio de varios artigos ou ó desenrolo de diversas actividades, tributarán pola tarifa correspondente á actividade suxeita ó gravamen mais alto,incrementado no 50%.

Artigo 7.TARIFA ESPECIAL.

Establécese a seguinte tarifa especial: Os titulares de postos de venda ambulante sitos no lugarhabilitado ó efecto por este Concello, aboarán a cota anual de 7,87 € por metro cadrado ou fracción ocupa-do, mediante 4 recibos trimestrais e por adiantado ó comezo de cada trimestre natural ou ó adxudicarse o posto.

Para os casos de alta na titularidade dos postos, procederase do seguinte modo:se o posto se adxudica durante o primeiro semestre do ano, aboarase a tarifa íntegra si se adxudica durante o segundo semestre,aboarase o 50% da tarifa anterior.

Artigo8. DEVENGO

Devéngase a taxa e nace a obrigaón de contribuir dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando este xa establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixos domiciliarias nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada trimestre natural, salvo que o devengo da taxa se produxese con posterioridade a dita data,caso no cala primeira cota devengarase o primeiro día do trimestre seguinte, salvo o disposto no apartado 3 do Artigo 4 da presente Ordenanza.

Artigo 9.DECLARACIÓN E INGRESO

1.- Dentro dos 30 días hábiles seguintes á data en que se devengue por vez primeira a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula, presentando ó efecto a correspondente declaración de alta e ingresando simultáneamente acotado primeiro trimestre

2.- Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se haxa efectuado a declaración.

3.-O cobro das cotas efectuarase trimestralmente, mediante recibo derivado da matrícula, salvo o establecido para os titulares ou usuarios de postos en J.G.Navia Castrillón, o lugar que ó efecto habilite o Concello, para o que se estará ó disposto no artigo 7 da presente Ordenanza.

Artigo10.INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponda en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL:

Cando a Xunta de Galicia resolva aplicar para un exercicio a bonificación do canon unitario por tratamento de residuos domésticos de acordo coas condicións fixadas no punto tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11 /2013, aos efectos de manter o principio de equivalencia, aplicarase aos usuarios do servizo con tarifa incluída no apartado 6.2 un desconto en función do importe que supoña a minoración que establezca a Administración Autónoma no canon.

O Pleno, previo informe do servizo de xestión tributaria , determinará:

1. O importe previsto de aforro no custo do canon como consecuencia de bonificación.
2. O porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único trimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 6.2.
3. O trimestre no que se aplique a porcentaxe de minoración aprobada, tendo en conta que debe permitir a acreditación do cumprimento das condicións consonte o disposto na normativa da Administración autonómica.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente modificación da ordenanza fiscal aprobada provisionalmente no Pleno celebrado o 9 de xuño de 2021 entrará en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva no "Boletín Oficial de la Provincia", permanecendo en vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.

Viveiro,27 de xullo de 2021.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2366
